

## 3.- PRODUCTOS INNOVADORES

### Verduras de mar

Conservas Porto-Muíños é unha pequena empresa familiar que comercializa algas mariñas como comestibles. Tiveron que enfrontarse ao reto de introducir un alimento completamente novo que requiría xerar unha nova cultura alimenticia tanto entre os consumidores como entre os profesionais do sector.

*Regalaron a primeira tonelada de produto para darse a coñecer. Os propios cocineiros non sabían cómo preparar as algas e os puntos de venda amosábanse escépticos. O traballo de Porto- Muíños foi dobre: de innovación e divulgación das posibilidades das algas como alimento.*

O eixo que vertebra os produtos desta firma é a variedade. O seu catálogo de algas sitúase ao redor de 20 artigos diferentes, e a súa oferta está dispoñible en moitos formatos:

algas deshidratadas, en conserva, mesturadas con outros produtos como o té, os mexilóns, a pasta, o hígado de rape, as ovas de ourizos de mar, navallas, etc.

A variedade é posible grazas ao esforzo de investigación de novos cultivos e especies comestibles, en colaboración coa Universidade de A Coruña e a de Santiago. Tras encontrar a nova especie realízase o seu análise toxicolóxico e envíanse exemplares aos cocineiros para que fagan unha valoración culinaria do novo produto, para saber se ten saída no mercado.

*As algas son as verduras do mar, sen graxas nin azúcares, cun alto contido en fibra e proteínas. Dentro das súas propiedades nutricionais, destaca a súa aportación en minerais como o magnesio, iodo, calcio e vitaminas A e C. Son ideais para dietas vexetarianas.*



### O cerebro doméstico

Servidor multimedia, grabador de vídeo, sintonizador de TDT... É o **Blusens Blu:brain**, a aposta desta empresa galega para o "fogar conectado". Trátase dun único dispositivo que almacena e distribúe os contidos audiovisuais a tódolos equipos da casa, desde o televisor ata o teléfono móbil,

pasando polos ordenadores persoais.

Moitas son as aplicacións deste sistema de entretemento doméstico. Entre elas, a do servidor e reprodutor IPTV, que permite sintonizar a televisión a través de banda ancha e posibilita a reprodu-

ción de vídeo desde a rede. Tamén ten dous receptores de televisión dixital terrestre, preparados para as emisións de alta definición. Ao tratarse dun sintonizador dobre, o usuario pode ver un canal mentres graba a programación de outro.


*Ao Blu:brain non lle faltan varias conexións de vídeo para conectalo directamente ao televisor familiar. De entre elas destaca a saída HDMI específica para os sinais de alta definición, aínda que tamén conta cunha entrada para outros dispositivos (unha videoconsola ou un reprodutor Blu-ray, por exemplo). Séguenlle as habituais saídas de vídeo, así como as de audio estéreo e óptico. A súa ampla conectividade convérteo así nun auténtico "cerebro do fogar".*

# Supermercados de última xeración

A Innovación tamén é posible nos servizos e na distribución. Os novos supermercados do Grupo Cuevas, coñecidos como "Aquí é", son o exemplo claro. O seu principal obxectivo é que o cliente poida levar a cabo unha experiencia de compra agradable e lóxica. Apostan por un concepto de supermercado de última xeración, onde se pode disfrutar facendo a compra e a un tempo aprender a realizar unha alimentación saudable.

A Innovación máis destacada da tenda é que pon a disposición dos seus clientes unhas pantallas táctiles nas que se pode elixir o menú do día de forma rápida (un menú diferente por día), pódense imprimir os consellos de elaboración e os valores nutricionais. Ao lado desta pantalla atópanse as estanterías onde se poden encontrar os ingredientes para elaborar este menú ou, se non se dispón de tempo para cocinalo, pódese mercar o prato xa preparado.

*Este servizo de menús atópase denominado baixo*



*a sección "Qué facemos hoxe". Os menús son elaborados polo equipo de nutricionistas da Cátedra de Nutrición*

*da Universidade de Vigo. Cada menú diario compónse de primeiro e segundo prato e postre. Ten dúas finalidades: darlle a oportunidade de disfrutar dunha dieta sana e elaborada a quen non ten tempo de preparar os seus propios pratos na casa, garantindo a súa elaboración unhas horas antes; e proporcionar ideas para cocinar un menú cada día a tódolos clientes que queiran evitarse ese quebradeiro de cabeza. Dá a oportunidade de aforrar tempo sen renunciar á saúde e a calidade da comida.*

Ademais, a política medioambiental é un dos seus eixos vertebradores: 30% de aforro enerxético con respecto a outros supermercados, bolsas biodegradables feitas con fécula de pataca, prioridade a provedores cercanos para reducir a contaminación por transporte, etc.

## O transporte público do futuro

Castrosúa, o fabricante de autobuses urbanos de Santiago de Compostela, construíu un novo modelo de autobús ecolóxico, o Tempus.

Propúlsase cun motor eléctrico, e cun pequeno motor de combustión, que é necesario para recargar as baterías cando éstas perden enerxía.

As baterías comezan a cargarse cando o condutor deixa de acelerar.

*É un bus moi fácil de identificar. Vai forrado de pegatinas de verdes prados. Se vos cruzades con el e vos queda algunha dúbida, mirade a parte de atrás. "Primeiro bus híbrido. Eléctrico + diésel".*

*É o transporte público do futuro, de ahí o seu nome: Tempus (do latín Tempus fugit: o tempo voa). A súa gran Innovación é combinar gasóleo e electricidade, co que se pode aforrar entre un 30% e un 50% de emisións contaminantes e a mesma proporción de combustible. Ese aforro de enerxía permite que o autobús pase por zonas sensibles como un hospital ou o centro histórico dunha grande cidade sen contaminar e case sen ruído. Polo de agora, é tan só un prototipo.*

# Tratamentos contra o cancro agochados no fondo do mar

Pharmamar é unha empresa do grupo galego Zeltia. É una firma biotecnolóxica líder mundial no descubrimento, investigación e desenvolvemento de novos fármacos de orixe mariña para o tratamento contra o cancro. O seu produto máis célebre é Yondelis, un fármaco que contén o principio activo chamado trabectedina.

Está indicado para o tratamento de adultos con sarcoma de tecidos blandos avanzado, un tipo de cancro que aparece nos tecidos blandos do so-

porte do corpo, como poden ser os ovarios das mulleres. Utilízase cando o tratamento con antraciclina e ifosfamida (outros medicamentos contra o cancro) deixan de facer efecto, ou en pacientes aos que non se lles pode administrar eses medicamentos.

O principio activo de Yondelis, a trabectedina, é unha versión sintética dun composto químico obtido inicialmente dun animal mariño coñecido como "ascidia".

O cancro é unha enfermidade na que as células se dividen axiña de máis, xeralmente porque os seus xenes funcionan mal. A trabectedina actúa uníndose ao ADN, a molécula química que constitúe os xenes, e impedindo que algúns dos xenes presentes nas células humanas incrementen a súa actividade. Desta forma pode evitarse que as células se dividan tan rápido, freando o crecemento dalgúns tipos de cancro, entre eles, o sarcoma.

# Chubasqueiros de pataca

A plataforma de ecodeseño Good for Environment! (G4E!) fabrica en Ourense impermeables ecolóxicos, realizados cun tecido de fécula de pataca que, unha vez utilizados, pódense plantar e facer xerminar. Estas prendas son totalmente biodegradables por estar libres de PVC, e a súa produción deixa unha pegada ecolóxica de case cero.

*Ourense, a terra da pataca, é o lugar idóneo para fabricar este singular tecido, a partir dun bioplástico a base de fécula de pataca francesa, que se cose con fío de algodón orgánico, mantendo os principios de sustentabilidade ambiental, social e económica.*

*O material elabórase a partir de máis de vinte clases de patacas, a maioría delas francesas, que se procesan ata obter delas a fécula, que é a base deste plástico non con-*

*taminante. Trátase de cultivos específicos deste tubérculo nunha forma de agricultura non alimentaria. Non intentes botarlle un mordisco ao teu chubasqueiro, que non é comestible.*

O máis curioso da prenda é que engade unha bola de arxila con sementes na súa parte posterior. Desta maneira, cando un xa non quere usalo, pode plantalo e facelo xerminar. Ou se, por exemplo, o deixas olvidado despois dunha fin de semana no monte, o chubasqueiro descompónse por completo sen deixar rastros contaminantes.

